

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DOCE: - - - - -

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

- D^a M^a Paz Lago Martínez**
- D. Salvador Durán Bermúdez**
- D^a M^a Isabel González Domínguez**
- D. Marcos Guisasola Padín**
- D^a María Deza Martínez**
- D. Constantino Sanmartín Quiñones**
- D^a Almudena Aguín Fernández**
- D. Gonzalo Gonzalo Pita**
- D^a.M^a Victoria González Serén**
- D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo**
- D. José Buezas Méndez**
- D^a Vanesa Rodríguez Maneiro**
- D. David Otero Domínguez**
- D^a Sandra Fernández Agraso**
- D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**

NON ASISTE:

D^a M^a Cruz Barbeito Barreiro

INTERVENTOR:

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO:

D. Ángel Luís López Pita

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de outubro de dous mil doce, **baixo a Presidencia da Sra. Alcadesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA,** reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

1º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA ADXUDICACIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS DE O “TOMBO” E O “REVEL”. O Sr. Secretario dá conta do ditame da Comisión de Asuntos Xerais do 25 de outubro do 2012 sobre esta proposta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, indicou que o goberno municipal decidiu cambiar o rumbo dende a xestión directa a unha concesión administrativa, sen que a oposición fose invitada a participar e sen que se valorara a posibilidade de seguir cunha xestión directa que funcionaba ben, polo que se ían abster, engadindo que esperaban participar no seguimento da concesión para que as escolas funcionen adecuadamente.

A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, manifestouse en contra da concesión da prestación deste servizo a unha empresa privada, o que é froito da mala xestión do goberno do PP nos últimos trece anos, o que derivou nun plan de axuste que hipoteca ao concello, polo menos ata o ano 2022, implicando que non se poida contratar novo persoal e polo tanto, seguir coa xestión directa que tan bo funcionamento deu na gardaría actual e que isto non era mais que un reflexo da política do Partido Popular de desmonte dos servizos públicos para dárrellos a empresas privadas para que fagan negocio. Por último fixo constar que votaba en contra pola explotación privada deste servizo, sen cuestionar o procedemento de adxudicación.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dixo que xa perdeu a esperanza de que a oposición estea representada nas mesas de contratación dos concursos e recordou que a partir da chegada do Partido Popular á Xunta, co desmonte dos consorcios creados para xestionar este tipo de servizos, estase a converter a xestión dos mesmos en negocios para explotación privada. Por último preguntou cando se ía abrir a gardaría de Vilalonga.

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, indicou que o servizo ía seguir sendo público e municipal, que a empresa concesionaria ten que subrogar a todo o persoal contratado, sendo mellor que unha mesma empresa xestione as dúas escolas para que ambas estean coordinadas e o nivel educativo sexa similar.

A Sra. Aguín Pombo indicou que a interviniente anterior, coas súas palabras, estaba a recoñecer que existirían agravios comparativos no caso de que unha escola se xestionase por concesión e outra polo concello, o que quere dicir, que existen diferenzas. Tamén aludiu a que a explotación municipal suporía un aforro por canto as empresas están para gañar cartos e volveu insistir que a hipoteca municipal ata o ano 2022 condiciona as decisións do concello .

O Sr. Otero Domínguez manifestou que o persoal non ten as mesmas condicións traballando para a empresa privada que para o concello e volveu preguntar cando se ía abrir a gardaría de Vilalonga e se ía haber unha nova adxudicación de prazas, posto que a anterior xa non vale ao realizarse fai tanto tempo que algúns nenos xa non estarán dentro da idade permitida para este tipo de escolas.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, puntualizou que este punto da orde do día facía referencia á adxudicación das escolas infantís municipais e a referencia ao plan de axuste non ten sentido, en todo caso o tería cando se adoptou o acordo de iniciar o expediente. Tamén defendeu a xestión privada fronte á pública, a autofinanciación dos servizos públicos e rematou dicindo que con esta adxudicación tamén se ían crear postos de traballo.

A Sr. Deza Martínez especificou que era interesante unha mesma prestación para as dúas escolas municipais para evitar diferenzas no plan educativo, a continuación aludiu a que esperaba a apertura da escola infantil de o Revel, como moito, a final de ano, en todo caso, canto antes fora posible.

A Sra. Alcaldesa en primeiro lugar agradeceu á oposición que valoraran positivamente o funcionamento da escola infantil municipal posta en marcha polo Partido Popular e engadiu que nestos tempos de crise se ampliaban servizos e se triplicaban as prazas de gardaría, en cambio, algúns membros da oposición van votar en contra da apertura dun novo servizo.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a **proposta a votación**, alcanzándose o seguinte

resultado:

Votos a **favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en **contra: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

Votos pola **Abstención: 2 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: adxudicar a “**FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES**” a contratación, mediante a modalidade de concesión, da xestión do servizo de “**ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE “O TOMBO” E DE “O REVEL”** polo prezo de **477.752,31 €ano, IVE non incluído**, para un período de duración do contrato de **CATRO (4) ANOS**, que comezarán a contar dende a data de efectiva prestación do servizo que non poderá tardar mais de **UN (1) MES** dende a firma do contrato, agás que este retraso se deba a causas non imputables ao contratista. Non obstante o anterior o contrato non comezará ata que se obteña a autorización do órgano correspondente da Xunta de Galicia para o inicio de actividade da Escola Infantil de Vilalonga. O contrato executarase con suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares, ao Proxecto Municipal de Explotación, que tamén inclúe o prego de prescricións técnicas, documentos todos eles que teñen carácter contractual e a oferta presentada polo adxudicatario. A xestión terá que axustarse ao disposto no Regulamento de Réxime Interno das Escolas Infantís Municipais, a normativa sectorial vixente na materia e as ordenes que se xiren ao concesionario en execución do contrato.

SEGUNDO: o contrato formalizarase en documento administrativo no prazo dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES**, seguintes ao da notificación da adxudicación.”-----

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA IMPLANTACIÓN DUNHA REDE DE OFICINAS INTEGRADAS DE ATENCIÓN AO CIDADÁN NO ÁMBITO TERRITORIAL DE GALICIA. O Sr. Secretario dá conta do ditame da Comisión de Asuntos Xerais do 25 de outubro do 2012 sobre esta proposta.

O Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, dixo que ían votar a favor dunha proposta que supoñería un beneficio para os veciños de Sanxenxo, posto que lles permitirá presentar documentos sen ter que desprazarse.

A Sra. **Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, recordou que este novo convenio ía substituír un xa existente dende 2004 e, dado que supoñerá unha vantaxe para os cidadáns, votarán a favor da proposta.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestou o seu apoio a proposta e engadiu que este convenio traería custos que esperaba compensase o goberno central.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que, por **unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

- **“Solicitar** a adhesión do Concello de Sanxenxo ao Convenio Marco de data 17 de abril de 2007, publicado no BOE nº 160 do 05/07/07 e no DOG nº 131 do 06/07/07 suscrito entre a Administración Xeral do Estado e a da Xunta de Galicia para a implantación dun modelo integrado de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia, manifestando a vontade deste concello de adherirse ao convenio marco mencionado asumindo as obrigacións derivadas do mesmo e con suxeición a todas as súas cláusulas, facultando á Sra. Alcaldesa-Presidenta, D^a Catalina González Bea, para a sinatura do protocolo de adhesión e de cantos documentos fosen necesarios para a execución deste acordo”.

-

3º) PROPOSTA DO CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO PARA APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PXOM DE SANXENXO. O Sr. **Secretario** dá conta do ditame da Comisión de Urbanismo do 25 de outubro do 2012 sobre esta proposta.

O Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, aludiu a que, case dez anos despois da aprobación en 2003 do PXOM, se pretende aprobar unha modificación puntual, preguntando cal é a urxencia para traer este asunto a un pleno extraordinario despois de nove anos. Tamen incidiu en que a oposición tivo que enterarse polos xornais da remisión do documento á Xunta, cando o procedente debeu ser reunir a todos para contar coa súa opinión. Engadiu que esta modificación, que afecta practicamente a todas as ordenanzas e que introduce a figura do “complexo inmobiliario”, non lle parece tan puntual e mais tendo en conta que existen sentenzas desfavorables ao concello e que todo o mundo sabía porque realmente se facía esta modificación. En base ao anterior e independentemente de se poderá servir esta modificación para evitar indemnizacións do concello, manifestou que ían absterse neste punto e que se debía ir a unha revisión xeralizada de todo o PXOM.

A Sra. **Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, aludiu a que esta modificación podía ter nomes e apelidos e que xurdía como consecuencia de sentenzas xurídicas desfavorables e posibles indemnizacións do concello, en cambio as que lle interesaban aos veciños que no seu día presentaron alegacións, aínda non se realizan, o que quere dicir que se fai en interese duns poucos.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, en primeiro lugar dixo que se produciron cambios non só como consecuencia de alegacións e cualificou a este documento como unha revisión da normativa baseada en criterios distintos aos aplicados ata agora, todo iso independentemente de que con algunhas concrecións podía estar de acordo, como as que afectan as medianeiras e os sotos, en cambio, non coincide coa proposta de creación de “complexos inmobiliarios”, que responden a unha política xa repetida do Partido Popular de consolidar defectos, provocando unha lóxica de feitos consumados e de agravios comparativos. Por último indicou que con esta modificación se está anticipando unha futura revisión que difire da opinión que teñen do que debe ser unha adecuada estrutura urbana.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, dixo que non se trataba dunha modificación integral senón puntual para concretar cuestións que no PXOM actual causaban inseguridade xurídica que se trasladaba aos cidadáns. Explicou que o “complexo inmobiliario” é unha figura recoñecida pola lei estatal e que terían que cumprirse tamén os parámetros das correspondentes ordenanzas, tamén destacou a solución que se daba a problemática dos sotos e semisotos que afecta aos hosteleiros e todo iso buscando unha seguridade xurídica no PXOM. En canto ás sentenzas existentes non se lles busca dar cobertura con esta modificación.

O **Sr. Gonzalo Pita** dixo que algúns casos previstos na modificación son positivos, pero non podían tratar de convencelos de que esta modificación non ten que ver coas sentenzas desfavorables ao concello, volvendo a preguntar porque se traía este asunto a un pleno extraordinario.

A **Sra. Aguíñ Pombo** indicou que esta modificación non é puntual e a que figura no seguinte punto da orde do día, que afecta a un feito concreto, se o é, engadindo que había que facer unha revisión total do PXOM.

O **Sr. Otero Domínguez** pediu que os concelleiros do goberno municipal interviñeran primeiro nos plenos para defender as propostas, non como se ven facendo ata agora e dixo que isto era un anteproxecto que servirá de base para unha futura revisión que asentara feitos consumados, sendo un sistema de legalización que non é o modelo axeitado a seguir, sen que polo goberno se queira recoñecer que as sentenzas e as inseguridades xurídicas son consecuencia da xestión do urbanismo de Sanxenxo, anunciando o voto en contra da proposta.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, sinalou que se cometeron erros por técnicos e por políticos, se ben estes últimos son responsables daqueles. Así mesmo preguntouse que mais dá que unha modificación puntual levase varios temas, en todo caso sería mellor realizar varias modificacións nun só expediente que levar varias separadas. Proseguíu dicindo que o plan xeral é un documento vivo que hai que modificar constantemente e que votaría en contra si lle dixeran que había un informe nese senso ou si faltara algún. En canto a referencia feita a sentenzas e as indemnizacións que se poderían evitar coa modificación, se así fose, a el lle parecería outro motivo para votar favorablemente, recordando que as licenzas que se concederon no seu día e que deron lugar ás sentenzas, todas tiñan informes favorables.

A **Sra. Deza Martínez** tamén incidiu en que o PXOM era un documento vivo, que a modificación vai solucionar moitos problemas, aínda que pode ser que a partir de agora sexa o momento de acometer unha revisión integral do PXOM.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que os concellos onde gobernan os partidos que están aquí na oposición tardan entre doce e dezaseis anos en aprobar os seus plans urbanísticos e non comprenden que aquí se aprobaran en catro anos, sendo perfectamente lóxico que nove anos mais tarde se aborden modificacións puntuais que se están a tramitar con axilidade e incluíndo os asuntos que se consideran necesarios, o que non obsta que tamén poda plantexarse unha futura revisión do PXOM tendo en conta a lexislación saída dende a aprobación inicial e que houbo un Plan de Ordenación do Litoral que durante tres anos practicamente paralizou a execución do PXOM.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a **proposta a votación**, alcanzándose o seguinte

resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: prestar aprobación provisional á Modificación Puntual nº 2 do PXOM de Sanxenxo, integrado polo documento redactado por D. Rafael Vázquez Abal, D. José Manuel Rey Rial e D. Juan Lorenzo Ramírez en data 18 de outubro de 2012.

SEGUNDO: ao abeiro do disposto no art. 117.2 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, remitir o documento aprobado provisionalmente ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, dependente da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do mar (Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente), e ao Servizo de Urbanismo de Pontevedra, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, a fin de que emitan os seus preceptivos informes.

TERCEIRO: unha vez consten unidos ao expediente os informes favorables referidos no apartado anterior, consonte ao disposto no art. 85.7 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, remítase o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, para que proceda, no seu caso, a aprobar definitivamente a modificación puntual nº 2 do PXOM de Sanxenxo”.

-

4º) PROPOSTA DO CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO PARA APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3 DO PXOM DE SANXENXO. O Sr. Secretario dá conta do ditame da Comisión de Urbanismo do 25 de outubro do 2012 sobre esta proposta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, destacou que esta modificación se que é puntual para solucionar un erro tipográfico, se ben lle chama a atención que se fixersen importantes investimentos, mesmo da Xunta, na parcela afectada e que non se deran conta do erro.

A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dixo que votará a favor da proposta, independentemente da consideración de que dende o ano 2003 non se deran conta do erro, cando xa pasaron pola concellería de urbanismo tres corporativos.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, á parte de sinalar que votaría favorablemente neste punto da orde do día, indicou que non se trataba de que

non se deron conta deste erro, posto que no ano 2005 se detectaron mais de 80 e debeu tramitarse unha modificación puntual para arranxar a súa totalidade, o que demostra que un PXOM aprobado en tempo récord trae como consecuencia erros, engadindo que outros concellos non teñen sentenzas con posibles indemnizacións millonarias como este.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que, por **unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: prestar **Aprobación Inicial á Modificación Puntual nº 3 do Plan Xeral do Ordenación Municipal do Concello de Sanxenxo**, contida no documento asinado o 8 de agosto de 2012 por D. Rafael Vázquez Abal, D. José Manuel Rey Rial e D. Juan Lorenzo Ramírez.

SEGUNDO: ó abeiro do disposto no *art. 85.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)*, sométase o expediente completo ó trámite de Información Pública durante un prazo de dous meses, mediante Anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia de Pontevedra.

TERCEIRO: simultaneamente, e durante o mesmo tempo que a información pública, dese audiencia ós Concellos limítrofes, e solicítense os Informes Sectoriais que resulten pertinentes, consonte ó manifestado nos Informes dos técnicos municipais que obran unidos ó expediente, a fin de que sexan emitidos no prazo máximo dun mes, agás que a lexislación sectorial sinala outro prazo”.

--

5º) PROPOSTA DO CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DO SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES DE USO E DOMINIO PÚBLICO E-84-A, ADSCRITO AO SOLO URBANIZABLE Nº 1 DO PXOM DE SANXENXO E RATIFICACIÓN DO TEXTO DEFINITIVO DO CONVENIO URBANÍSTICO PARA O DESENVOLVEMENTO DO CITADO ÁMBITO. O Sr. **Secretario** dá conta do ditame da Comisión de Urbanismo do 25 de outubro do 2012 sobre esta proposta.

O Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, precisou que ao ter este expediente os informes favorables votaría neste mesmo sentido.

A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou o seu apoio á proposta, independentemente de que o preocupante para os veciños é o plan de saneamento deste solo, pedindo aclaracións sobre se está garantido.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que o impacto medioambiental que se vai provocar neste espazo seguramente será similar a outro xa coñecido e polo tanto moi amplo, sendo esta unha das poucas compensacións que se obteñen, posto que se trata dunha zona que vai quedar para o gozo dos veciños. O interviniente indicou que votaría a favor da proposta.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, explicou que nunca votaría a favor da urbanización daquela zona, pero que non queda mais remedio que votar a favor deste plan especial de espazos de uso e dominio público. Tamén puntualizou, respecto dunha intervención anterior dun concelleiro sobre os informes favorables e o sentido do voto, que tamén os demais puntos do pleno teñen informes favorables.

A Sra. Alcaldesa matizou que a referencia ao saneamento da zona xa foi explicada por ela no pleno anterior, non variando a súa postura da manifestada naquela sesión.

Ao non producirse máis intervencións a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO: prestar Aprobación Definitiva ó Plan Especial de Ordenación do Sistema Xeral de Espazos Libres de Uso e Dominio Público E-84-A, adscrito ó Solo Urbanizable nº 1 do PXOM de Sanxenxo, integrado polo Texto Refundido redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Roberto Aya Duarte en abril de 2012, e achegado en data 8 de maio de 2012.

SEGUNDO: ratifica – lo Texto Definitivo do Convenio Urbanístico remitido á Xunta de Compensación do SU – 1 a medio de Oficio asinado pola Sra. Presidenta da Xerencia de 28 de febreiro de 2012 e aceptado pola Xunta de Compensación en Acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada en data 22 de marzo de 2012, consorte ó disposto no art. 237.4 da Lei 9/2002; debendo asinarse o texto definitivo de Convenio dentro dos quince días seguintes á notificación da súa ratificación, cos efectos legais previstos en caso de que isto non se produza.

TERCEIRO: publica – lo Acordo de Aprobación Definitiva do Plan Especial de Ordenación do Sistema Xeral de Espazos Libres de Uso e Dominio Público E-84-A, adscrito ó Solo Urbanizable nº 1 do PXOM de Sanxenxo, no prazo dun mes dende a súa adopción no Diario Oficial de Galicia, e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, ó abeiro do disposto no art. 92.2) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

CUARTO: comunicar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o Acordo de Aprobación Definitiva do Plan Especial, e á vez darlle traslado de copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con tódolos planos e documentos que o integran sobre o que tivera recaído o acordo de aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello.-----

-

6º) PROPOSTA DO CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO POLO PROCEDEMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA, DA FINCA Nº 257 DO POLÍGONO CATASTRAL Nº 56, E DA PORCIÓN DA FINCA Nº 495 DO MESMO POLÍGONO CATASTRAL INCLUÍDA NA DELIMITACIÓN DO SECTOR DO SOLO URBANIZABLE Nº 9 DO PXOM DE SANXENXO, POR NON TERSE INCORPORADO Á XUNTA DE COMPENSACIÓN DE DITO ÁMBITO OS SEUS PROPIETARIOS. O Sr. Secretario dá

conta do ditame da Comisión de Urbanismo do 25 de outubro do 2012 sobre esta proposta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, indicou que se trataba neste asunto dunha situación regrada e nesa liña ían votar a favor, aínda que outra cousa é que estivesen de acordo con outras cuestións que non veñen agora a conto.

A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, manifestou que ía votar a favor da proposta.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sinalou que descoñecía a liña de negociación que existiu e, aínda que recoñecendo a facultade que a lei lle dá á Xunta de Compensación para promover expropiacións, o desexable sería que houbera un acordo, concluíndo que ían absterse neste asunto.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, interviu para referirse ao punto anterior e aclarar que cando dixo que non votaría a favor da urbanización non era por cuestión de legalidade senón medioambiental.

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, destacou que se trataba dun mecanismo legalmente establecido e que o beneficiario ía a ser a Xunta de Compensación, que asumirá o pagamento correspondente.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta someteu a proposta a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 14 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, **o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: aprobar definitivamente o expediente expropiatorio polo procedemento de taxación conxunta, da totalidade da finca nº 257 do polígono catastral nº 56, e da porción da finca nº 495 do mesmo polígono catastral, incluída na delimitación do sector de solo urbanizable nº 9 do PXOM de Sanxenxo, por non terse incorporado á Xunta de compensación de dito ámbito os seus propietarios, consonte ós informes dos servizos técnico e xurídico municipais, e coas previsións e condicionantes contidos neles; da que será beneficiaria a Xunta de Compensación do Solo Urbanizable nº 9.

SEGUNDO: declara – la urxente ocupación das fincas obxecto de expropiación.

TERCEIRO: indemnizar a D. Sebastián Medrano Agís na cantidade de 34.357,73 euros pola expropiación da finca nº 257 do polígono catastral nº 56, e a D. Juan Sartages Rea na cantidade de 9.508,55 euros, pola expropiación da porción, incluída na delimitación do ámbito do Sector de Solo Urbanizable nº 9 do PXOM de Sanxenxo, da finca catastral nº 495 do indicado polígono

catastral.

CUARTO: conferir á D. Juan Sartages Rea e D. Sebastián Medrano Agís un prazo de 20 días, durante o cal, poderá manifestar por escrito a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado.-----

--

7º) SOLICITUDE DA COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DE NOALLA, BONIFICACIÓN I.C.I.O. DA LIQUIDACIÓN DE OBRAS Nº 186/2010 DE RECUPERACIÓN DO ESPAZO NATURAL NA CONTORNA DO REGATO DE SOUTULLO-NOALLA. O Sr. Secretario dá conta do ditame da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 25 de outubro do 2012 sobre esta proposta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, anunciou o voto favorable, destacando a sensibilidade que determinadas asociacións teñen para realizar actuacións en beneficio dos veciños.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sinalou que votaría a favor da proposta e que non era a primeira vez que se bonificaba este imposto ante actuacións para beneficio público pola parte de asociacións ou entidades, sendo loable a iniciativa da comunidade de montes para realizar esta obra.

A Sra. Alcaldesa tamén pronunciouse no sentido de agradecer á comunidade de montes pola realización de actuacións como esta que melloran a calidade de vida dos veciños.

Ao non producirse máis intervencións a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO: declarar de interés ou utilidade municipal a obra de “Recuperación do espazo natural na contorna do regato de Soutullo-Noalla”, promovida pola Comunidade de montes en man común de Noalla.

SEGUNDO: conceder unha bonificación do 95 % da cota do I.C.I.O. que ascende a 2.835,60 euros, quedando a liquidación nº 683/2011 no importe líquido total de 537,27 euros, a cal, inclúe o I.C.I.O. bonificado e a taxa da licenza.-----

8º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECIMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS. O Sr.

Secretario dá conta do ditame da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 25 de outubro do 2012 sobre esta proposta.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que se lles parecía ben aos voceiros dos distintos grupos políticos, se debaterían conxuntamente os puntos 8, 9 e 10, por tratarse de servizos adxudicados a unha empresa concesionaria e aplicarlle os incrementos recollidos no contrato.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, aludiu a que se trataba de cuestións de obrigado cumprimento por estar o concello suxeito ao plan de pagamentos ao provedores, non debendo esquecer porque se chega a esta situación. Engadiu que ían absterse porque a suba do 2,2%, neste momento de crise, é considerable.

A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, indicou que ían absterse e informou dunha posible errata do expediente, cando se fai referencia ao período temporal 2011-2013, crendo que esta referencia era anual.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestou que á parte da suba consecuencia do incremento do **IPC**, hai outra procedente do **IVE**, non estando de acordo coa proposta.

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, recordou que estabamos ante un contrato cunha duración superior a quince anos, debendo reflectirse nel os incrementos do **IPC** e as variacións do **IVE**, sendo a referencia de xullo 2011 a xullo 2012.

A **Sra. Alcaldesa** explicou que os incrementos do **IVE** non eran competencia municipal sen que o concello puidese facer algo ao respecto.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a **proposta a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en **contra:2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

Votos pola **Abstención: 5 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a modificación das tarifas seguintes:

Primeiro. Tarifa.

ABOADOS DOMÉSTICOS:

Mínimo: 30 m³/trimestre0,3867 euros/m³
Excesos.....0,4366 euros/m³

ABOADOS COMERCIAIS:

Mínimo: 30 m³/trimestre0,3867 euros/m³
Excesos.....0,4366 euros/m³

ABOADOS INDUSTRIAIS:

Mínimo: 75 m³/trimestre0,4366 euros/m³
Excesos.....0,5607 euros/m³

OBRAS:

Mínimo: 120 m³/trimestre0,5607 euros/m³
Excesos.....0,7234 euros/m³

As tarifas incrementarase co I.V.E. correspondente a cada exercicio.

ALTAS DE CONTRATO

En concepto de dereitos, ao facer o seu pagamento no momento da sinatura do contrato, establécese o prezo de 102,05 euros

FIANZAS

Nos contratos de subministros para obras e baixos ou industrias de tempada é preciso depositar polo interesado unha fianza de 167,20 euros. A mesma será devolta cando se tramite a baixa e sexan abonados os recibos pendentes”.

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.13.-----

9º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS. O Sr. Secretario dá conta do ditame da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 25 de outubro do 2012 sobre esta proposta.

Ao non haber intervencións a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en contra:**2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

Votos pola Abstención: **5 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: aprobar a modificación das tarifas seguintes:

- | | |
|---|---------------------|
| 1. Vivendas de carácter unifamiliar..... | 15,035 euros/ano |
| 2. Os hoteis, hostais, fondas e demais establecementos de hospedaxe, por cada habitación..... | 3,776 euros/ano |
| 3. Os cocedoiros de moluscos, depuradoras, fábricas de conservas e outras industrias que teñan grandes verteduras de augas residuais a rede de sumidoiros | 1.252,365 euros/ano |
| 4. Os colexios privados por cada alumno matriculado..... | 0,212 euros/ano |
| 5. Por cada local de negocio, industria ou comercio non incluído noutros apartados..... | 18,064 euros/ano |
| 6. Negocios relacionados coa hostalería non incluídos no segundo apartado | 50,115 euros/ano |

NOTA: Os hoteis que teñan restaurante ou cafetería aberta ao público en xeral, deberán cotizar polos apartados 2 e 6.

- | | |
|---|-------------------|
| 7. Lavado e engraxamento de vehículos, estacións de servizo e talleres mecánicos | 120,272 euros/ano |
| 8. Por dereitos de conexión á rede xeral de sumidoiros farase un pagamento por cada vivenda ou local dos mencionados nas tarifas dunha cota única de 102,05 euros | |

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.13.-----

-

10º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. O Sr. **Secretario** dá conta do ditame da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 25 de outubro do 2012 sobre esta proposta.

Ao non haber intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en **contra:2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

Votos pola **Abstención: 5 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e**

Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: aprobar a modificación das tarifas seguintes:

De acordo co artigo 5º da ordenanza as tarifas son as seguintes:

Facturación por metros cúbicos consumidos e cota fixa mensual

a) Aboados con contador e servizo de abastecemento de auga.

Cota fixa mensual

- Uso doméstico.....2,929 euros/mes
- Uso comercial2,929 euros/mes
- Uso industrial hostalería, obras e outros5,024 euros/mes

Por consumo (por cada m³ rexistrado no contador do aboado)

- Uso doméstico.....0,188 euros/m³
- Uso comercial0,188 euros/m³
- Uso industrial hostalería, obras e outros0,188 euros/m³

b) Abonados sen contador ou sen servizo municipal de abastecemento de auga.

- Uso doméstico..... 15,944 euros/trim.
- Uso comercial 15,944 euros/trim.
- Uso industrial hostalería, obras e outros 45,6140 euros/trim.

c) Aboados con subministro non procedente da rede municipal de abastecemento.

Aqueles aboados/industrias que para o seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ó consumido da rede municipal, instalarán, ó seu cargo, aparatos para a medida do caudal vertido á rede. De mutuo acordo entre a empresa e o concesionario do servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido, a efectos de facturación.

Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:

Cota fixa mensual5,024 euros/mes

Cada m³ vertido (medido ou aforado).....0,188 euros/m³

As tarifas indicadas incrementaranse co I.V.E. correspondente a cada exercicio

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.1”-----

-

11º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA REGULADORA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN, PREVENCIÓN RUÍNAS DE CONSTRUCCIÓN, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS. O Sr. Secretario dá conta do ditame da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 25 de outubro do 2012 sobre esta proposta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, comprendendo que hai que adaptar á suba dos prezos as taxas dos distintos servizos, dixo que neste momento non sabía ata que punto ía ser soportable para os veciños este incremento de taxas, engadindo que había que encontrar alternativas, como era a prestación do servizo a través da mancomunidade, anunciando a abstención neste punto da orde do día.

A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, aludiu a que neste momento era difícil xustificar esta suba, que entendía excesiva nalgúns puntos, polo que o concello debería facer un maior esforzo, razóns polas que votaría en contra da proposta.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, pronunciouse a favor doutro deseño para este servizo, como a non asunción do mesmo en solitario. En canto a argumentación dada en comisión de que a maioría das veces os seguros corren a cargo desta taxa, isto non pode servir de pretexto para a suba porque tamén, en certas ocasións, son os veciños os que a sofren.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, mostrouse a favor de manter os servizos que se autofinancien, independentemente de quen o pague, non estando de acordo con que o aboem precisamente os que non o utilicen.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, manifestou que era necesario reducir o déficit que se arrastra nos distintos servizos, recordou que esta taxa levaba mais de seis anos sen actualizar e que no 90% dos casos a asumen as compañías de seguros, engadindo que, aínda con este incremento, a taxa está por debaixo da media dos concellos da zona e que a vontade política era seguir mantendo os servizos.

O Sr. Gonzalo Pita recalcou que nalgún momento este servizo pode ser insostible, polo que debe abrirse a posibilidade de mancomunarse para prestalo.

A Sra. Aguíñ Pombo sinalou que a referencia a falta de actualización en seis anos demostra unha xestión incorrecta e destacou que as circunstancias cambiaron nese período, debéndose encontrar outras formas para corrixir o déficit, porque cargalo aos veciños é o mais doado, recordando que se trata dun servizo de emerxencia.

O Sr. Otero Domínguez dixo que aínda con esta suba o servizo non se autofinancia e, pola contra, se producía un incremento de imposición aos veciños, engadindo que este momento de crise é o

menos favorable para actualizar estas taxas.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** precisou que este tipo de servizos debían autofinanciarse, sendo moito mais inxusto ter que subir a Contribución para financiarlos.

O **Sr. Guisasola Padín** recoñeceu a situación de crise actual, pero engadiu que non se podía inventar outra solución para tratar de reducir o déficit e seguir prestando os servizos.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que a solución dende a oposición era eliminar este servizo e acollerse ao que presta a Mancomunidade do Salnés, en cambio dende o goberno preténdese manter o servizo na medida que sexa posible, para dar unha maior marxe de seguridade a xente que nos visita, o que é fundamental para a economía dun concello turístico como este.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a **proposta a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 9** (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos en **contra: 5** (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos pola **Abstención: 2** (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a modificación das tarifas seguintes:

1. Medios de Transporte:

Na saída do parque dos referidos medios inclúese a primeira hora ou fracción de servizo por cada unidade desprazada. Saída, e hora ou fracción de servizo a maiores dos medios de transporte:

- 1.1. Vehículos especiais: Autoescala, autobrazo, nodriza e asimilados por unidade e hora ou fracción de servizo: 75,00 euros
- 1.2. Vehículo autobomba de Extinción: B.U.L., B.R.L., B.R.P., B.U.P. e análogos por unidade e hora ou fracción de servizo: 60,00 euros
- 1.3. Vehículos Lixeiros de salvamento e transporte: F.S.V., VTL e asimilados por unidade e hora ou fracción de servizo: 40,00 euros

4. Materiais consumibles:

- 4.1. Por botella de aire comprimido: 8,50 euros
- 4.4. Por kg de absorbente: 9,00 euros

5. Nas saídas fora do municipio cobraranse ademais das cotas anteriores, por Km percorrido dende o parque ata o lugar da intervención: 1,10 euros

7. Tarifa mínima dos dereitos a liquidar pola prestación de servizos: 120,00 euros

Esta tarifa mínima será de aplicación a servizos tales como desconexión de alarmas, apertura de portas, retirada de elementos arquitectónicos que ameacen ruína e similares, salvo que, da liquidación dos elementos utilizados, resulte unha cota superior.

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.13.-----

-

12º) MODIFICACIÓN DA TARIFA DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS. O Sr. Secretario dá conta do ditame da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 25 de outubro do 2012 sobre esta proposta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, manifestou que non sabía se a denominación do punto da orde do día era a adecuada, por canto non se modificaba a tarifa, senón a forma de pagamento sen subir o importe, o que é positivo tamén para o adxudicatario, que poderá dispoñer duns recursos antes que cando se pagaba cun recibo único, todo iso independentemente da posibilidade de que no futuro o adxudicatario poida facer a xestión do cobro dos recibos.

A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, indicou que votaría a favor, pero bota en falta que se modifique o cobro do **IBI** e do **Imposto de Vehículos** no mesmo sentido, co que se evitaría un problema económico aos veciños. **A Sra. Alcaldesa** puntualizou que seguen na mesma liña manifestada en plenos anteriores e tan só traerase cando esté perfectamente preparada esa opción. **O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego,** interviu neste momento para dicir que non varía o **IBI** pero débese ter en conta o incremento xa aprobado polo goberno central. **A Sra. Alcaldesa** recordou que o **IBI** o modificou unha lei estatal e que ao pleno non se traen as ordenanzas que non teñen variación.

O Sr. Otero Domínguez, sinalou que debería replantexarse a rebaixa realizada anteriormente para as grandes áreas comerciais, non solo polo lixo que xeran, se nón porque os produtos que venden acaban ocasionando un gran volume de residuos.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, anunciou o seu voto a favor da proposta que estaba na orde do día.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, especificou que tan só se modifica a forma de cobro da taxa e que non se traía o IBI porque este Concello non o sube.

A Sra. Aguiñ Pombo reiterou que era unha pena que non se faga coa ordenanza do IBI o mesmo que se fai coa deste punto da orde do día.

A Sra. Alcaldesa incidiu en que se tratará o asunto plantexado en anteriores intervencións cando sexa posible e se conte cos informes necesarios e, con respecto as áreas comerciais, indicou que non se lles podía cobrar polo que estas xeran e tamén polo que venden, recordando que no seu día a rebaixa se produxo pola constatación de que realizaban reciclaxe e porque os cálculos estaban mal feitos

Rematado o debate a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 14 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a modificación das tarifas seguintes:

1. Hoteis e hostais-residencia e similares por habitación:

ZONA A	ZONA B
20,87 €ano	16,70 €ano
10,44 €semestre	8,35 €semestre
5,22 €trimestre	4,18 €trimestre

2. Hoteis, hostais e similares con comedor por habitación:

ZONA A	ZONA B
31,64 €ano	25,31 €ano
15,82 €semestre	12,66 €semestre
7,91 €trimestre	6,33 €trimestre

3. Apartamentos sitos dentro dos apartahoteis ou similares

ZONA A	ZONA B
38,20 €ano	30,56 €ano
19,10 €semestre	15,43 €semestre
9,55 €trimestre	7,64 €trimestre

4. Restaurantes, cafeterías, bares e similares instalados nos establecementos incluídos nos apartados 1, 2, 3 e 6:

	ZONA A	ZONA B
a) De 0 a 100 m ²	266,50 €ano	213,20 €ano
	133,25 €semestre	106,6 €semestre
	66,63 €trimestre	53,30 €trimestre
b) De 101 a 200 m ²	306,47 €ano	245,18 €ano
	153,24 €semestre	122,59 €semestre
	76,62 €trimestre	61,30 €trimestre
c) De 201 a 400 m ²	352,44 €ano	281,96 €ano
	176,22 €semestre	140,98 €semestre
	88,11 €trimestre	70,49 €trimestre
d) De 401 m ² en diante	405,31 €ano	324,24 €ano
	202,66€semestre	162,12 €semestre
	101,33 €trimestre	81,06 €trimestre

5. Restaurantes, cafeterías, bares e similares, con servizo aberto ó público, o ano:

	ZONA A	ZONA B
a) De 0 a 100 m ²	533,00 €ano	426,40 €ano
	266,50 €semestre	213,20 €semestre
	133,25 €trimestre	106,60 €trimestre
b) De 101 a 200 m ²	612,95 €ano	490,36 €ano
	306,48 €semestre	245,18€semestre
	153,24 €trimestre	122,59 €trimestre
c) De 201 a 400 m ²	704,89 €ano	563,91 €ano
	352,45 €semestre	281,96 €semestre
	176,22 €trimestre	140,98 €trimestre
d) De 401 m ² en diante	810,63 €ano	648,50 €ano
	405,32 €semestre	324,25€semestre
	202,66 €trimestre	162,13 €trimestre

6. Cámping, por m² ó ano: a taxa é a mesma independentemente da zona:

0,25 euros/m ² /ano
0,13 euros/m ² /semestre
0,07 euros/m ² /trimestre

7. Por cada vivenda, de carácter familiar, ó ano

En zonas urbanas	91,33 €ano
	45,67 €semestre
	22,84 €trimestre
En zonas rurais	45,67 €ano

	22,84 €semestre
	11,42 €trimestre

